

## **SERVIZOS SOCIAIS**

MJL/cnv

Refª: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

### **CONCELLO DE LUGO.**

#### **ANUNCIO**

Por medio do presente faise público que a Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía mediante Decreto da Alcaldía número **34/2010** do Libro de Resolucións en materia de contratación-fomento do día 21 de abril de dous mil dez **RESOLVEU**:

**PRIMEIRO**-Proceder á convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, mediante a publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de Lugo, das subvencións para a realización de proxectos de cooperación ó desenvolvemento e sensibilización social para o exercicio 2010.

**SEGUNDO**-Aprobar o gasto de 90.000 € dos cales 70.500 € financiaranse con cargo á partida 92400.78000 e 19.500 € cargo á partida 92400.48900 do Orzamento Municipal para o exercizo económico de 2010.

**TERCEIRO**-A presente convocatoria rexerase polo establecido nas seguintes **BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL E OS SEUS ANEXOS-EXERCIZO ECONÓMICO 2010.**

#### **ARTIGO 1-OBXECTO E FINALIDADE**

É obxecto das presentes Bases a regulación da concesión de Axudas a organizacións ( e institucións) non gubernamentais ( ONGs) para a realización de proxectos de cooperación en países menos desenvolvidos así como para proxectos de sensibilización na cidade de Lugo. As axudas concederanse en función de proxectos concretos de cooperación.

A finalidade da convocatoria é financiar a realización de accións e proxectos que contribúan a:

a)-Satisfacer as necesidades básicas da poboación dos países máis empobrecidos, entendendo como necesidades básicas as relacionadas coa alimentación, vivenda, saúde, educación, servizos sociais e implantación de pequenas infraestrucuras. Estas accións deberán revestir certa permanencia ou estabilidade, excluíndose, polo tanto, os proxectos dirixidos a paliar situacións transitorias derivadas de catástrofes ou similares.

b)-Impulsar e executar accións de desenvolvemento local sostible e autosostido, entendendo como tales as orientadas ó desenvolvemento, sostenibilidade e atención ás necesidades socioeconómicas da poboación (presta-

## **SERVIZOS SOCIAIS**

MJL/cnv

Refº: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

ción de servicios básicos de luz, auga, transporte, rehabilitación de áreas urbanas...).

c)-Executar accións de sensibilización, información e educación para o desenvolvemento. Enténdese por tales as executadas no Concello de Lugo que estean dirixidas a fomentar o espírito de solidariedade, que melloren o coñecemento e información acerca da problemática dos países menos desenvolvidos, que estimulen a participación da cidadanía lucense nas tarefas de cooperación internacional e desenvolvemento dos pobos.

d)-Os proxectos que se presente a esta convocatoria non poderán conter na súa formulación ningún tipo de discriminación e/ou exclusión e deberán respectar a idiosincrasia da poboación beneficiaria e o seu medio ambiente.

### **ARTIGO 2-PRIORIDADES DA CONCESIÓN**

Para a concesión destas consideraranse prioritarias, aquelas accións encadradas nalgún dos seguintes supostos:

#### **1-Para os proxectos de cooperación ó desenvolvemento:**

a)-Que se trate de proxectos a desenvolver en Africa ou nalgún dos países que no, momento desta convocatoria se encontren nos índices máis baixos de desenvolvemento humano.

b)-Que se trate de proxectos dirixidos á mellora da rede de subministros de auga, contrucción de pozos, saneamento.

c)-Que se trate de proxectos dirixidos á mellorar a educación da poboación da zona de intervención.

d)-Que incorporen a perspectiva de xénero como forma de traballo impulsando a autonomía e o poder de decisión das mulleres así como a concienciación dos homes na igualdade de xénero.

e)-Que dean participación á poboación beneficiaria dende a súa elaboración e deseño ata a súa execución e avaliación.

f)-Que dean continuidade a proxectos anteriores.

#### **2-Para os proxectos de sensibilización social:**

a)-Que fomente os valores de: solidariedade, comercio xusto, consumo responsable, defensa dos dereitos humanos e os valores medioambientais.

b)-Que repercuta na maior cantidade de poboación mellorando os recursos desta.

c)-Que fomenten a crítica das desigualdades mundiais e favorezan actitudes persoais e colectivas solidarias cos máis desfavorecidos.

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

d)-Que dean a coñecer a realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza e que defendan especialmente a situación da infancia, muller, xuventude, indíxenas, refuxiados e desprazados.

e)-Que fomente a formación e capacitación de voluntarios así como a participación activa dos cidadáns ou colectivos destinatarios.

### **ARTIGO 3-BENEFICIARIOS. REQUISITOS**

Poderán solicitar axudas para a realización de proxectos de cooperación ó desenvolvemento e sensibilización social as organizacións non gubernamentais que reúnan os seguintes requisitos:

a)-Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Organizacións non Gubernamentais de Cooperación e Desenvolvemento creado pola Xunta de Galicia en virtude da Orde de 4 de abril de 1994.

b)-Acreditar, no caso de proxectos de cooperación ó desenvolvemento, unha experiencia mínima de 2 anos no ámbito de actuación do proxecto.

c)-Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.

d)-Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios Estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ó desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou similares.

e)-Dispor de estrutura necesaria para garantir o cumprimento dos seus obxectivos acreditando unha experiencia mínima de dous anos na área para a que se aplique o proxecto ( cooperación ó desenvolvemento, axuda humanitaria, sensibilización social, ...) coa consecuente capacidade operativa para isto.

f)-Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencións concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercizos económicos anteriores.

g)-Estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo respectivamente

h)-Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario das subvencións de conformidade co artigo 10 da Ley 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.

i)-Presentar un proxecto que sexa técnicamente viable.

Quedan excluídas as institucións gubernamentais de Cooperación, así como as institucións financeiras, de aforro e formacións políticas.

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

### **Debido á singularidade e natureza das actividades a executar é voluntario presentar garantía para os pagamentos anticipados.**

#### **ARTIGO 4-CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS.**

A presente convocatoria está dotada cun orzamento total de 90.000 € dos cales 70.500 € financiaranse con cargo á partida 92400.78000 destinados a gastos de investimento dos proxectos de cooperación e, en caso de sobranse, a gastos de investimento dos proxectos de sensibilización, e 19.500 € cargo á partida 92400.48900 con destino a gastos correntes dos proxectos de sensibilización social e, en caso de sobranse, a gastos correntes dos proxectos de cooperación. Ámbalas dúas partidas pertencentes ó Orzamento Municipal para o exercizo económico de 2010 .

#### **ARTIGO 5-FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

1-As ONGs solicitantes presentarán, en modelo normalizado (Anexo I destas bases), no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben ben utilizando os medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de **UN MES** contado a partir do día seguinte o da publicación do anuncio destas bases no DOG. Estas bases publicaranse íntegramente no Boletín Oficial de Provincia (BOP); no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación do anuncio no DOG será a data a ter en conta ós efectos de presentación de solicitudes.

2-As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación; agás que esta xa estivera en poder do Concello por tela presentada en anteriores convocatorias o que deberá facerse constar na solicitude. Hai que ter en conta que a documentación ten que estar plenamente actualizada:

2.1)-Fotocopia do DNI da persoa que asina a solicitude e documento acreditativo da representación que posúe na entidade solicitante.

2.2)-Copia do Código de Identificación Fiscal da entidade.

2.3)-Copia dos Estatutos da entidade onde conste explicitamente a inexistencia de ánimo de lucro da entidade.

2.4)-Acreditación de estar inscrito no Rexistro de Organizacións non Gubernamentais de Cooperación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia.

2.5)-Declaración xurada acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo respectivamente (ANEXO I). Todo isto de conformidade co artigo 22 e 24.7 do

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

Real Decreto 887/2006 de 21 de xuño polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións

2.6)-Declaración responsable de non atoparse inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiario de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

2.7)-Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo entidade solicitante doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.( ANEXO II)

2.8)-Proxecto concreto de actuación que se formulará de acordo co estipulado nas bases (ANEXO III)

2.9)-Declaración na que conste o compromiso de aportar a diferenza, directamente ou por financiamento de terceiros, entre o custo total do proxecto e a axuda ou subvención (ANEXO I). Faise constr que o 10 % do gasto total orzamentado deberá financiarse exclusivamente pola ONGs solicitante.

2.10)-Certificación bancaria acreditativa do número de conta onde se desexa que se ingrese o importe da subvención.

2.11)-Calquera outra documentación que se considere necesaria.

### **ARTIGO 6-MELLORA DA SOLICITUDE.**

Se a solicitude non reúne os requisitos ou non achega a documentación indicada requiriráselle ó interesado para que emende as deficiencias observadas **no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles**, advertíndolle que se non o fixese **teráselle por desistido da súa petición**, e arquivaranse o expediente sen máis trámites, trala resolución ditada nos termos previstos no art. 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **ARTIGO 7-INCOMPATIBILIDADES.**

**Cada ONG só poderá presentar un proxecto** en cada exercizo económico, xa sexa **de cooperación ó desenvolvemento** ou **de sensibilización social**. **A presentación de máis dun proxecto determinará a súa eliminación do proceso de concorrencia competitiva.**

### **ARTIGO 8.-PROCEDEMENTO.**

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nas presentes Bases axustaránse ó establecido nos artigos 26, 27, 28 y 29 da Ordenanza Municipal de Subvencións coas seguintes precisións:

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

As solicitudes presentadas serán informadas polo órgano instructor que será un/unha técnico/a competente do Servizos Sociais que comprobará se as actividades son subvencionables, se os solicitantes cumpren os requisitos esixidos e se a documentación está completa, podendo solicitar cantos informes considere oportuno.

A avaliación das solicitudes corresponderálle a unha **Comisión de Valoración de Actividades de Desenvolvemento**, a composición da cal será a seguinte:

**PRESIDENTE**: A Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social, e Igualdade.

**VOGAIS**:

- Un concelleiro por cada partido político con representación municipal.
- Un técnico/a competente do servizo Muller e Benestar social.
- Un representante da Coordinadora Galega de ONGs.
- Tres representante das ONGs con implantación en Lugo, con voz e un voto.

**SECRETARIA**: Unha técnica competente do servizo Muller e Benestar social.

Os efectos de designación dos representantes das ONGs con implantación en Lugo convocarase ás que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións a unha reunión onde por e,entre elas, designarán os tres representantes.

A Comisión avaliadora poderá solicitar un informe previo de asesoramento de carácter non vinculante á Coordinadora Galega de ONGs. En base ós criterios e coeficientes que se sinalan artigo 12º,estudiará, valorará e fará o seguemento dos proxectos presentados podendo solicitar calquera tipo de aclaracións ás ONGs solicitantes. Os seus membros disporán dun prazo mínimo de 10 días para estudar ditos proxectos poñendo o Concello á súa disposición cantos medios e materiais necesiten no seu traballo e poderán solicitar das ONGs solicitantes calquera tipo de aclaración.

Con carácter previo á celebración da reunión da Comisión, comunicarase ás ONGs solicitantes a data e hora de celebración da reunión para a súa asistencia e defensa dos proxectos presentados se así o consideran oportuno.

A Comisión de Avaliación emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Dito informe non terá carácter vinculante.

En función da puntuación obtida, o órgano instructor elaborará a correspondiente proposta de resolución.

De conformidade co establecido na base 24 das Bases de execución do Presuposto municipal, o órgano competente para resolver o procedemento é o/a Ilmo/a Tenente/a de Alcalde Delegado/da da Área de Benestar Social e Igualdade.

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

**O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de DOUS meses**, contados a partir do día seguinte ó da finalización do prazo establecido para a presentación de instancias. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

Procederase á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8º da Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións.

### **ARTIGO 9.-ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A **aceptación** da subvención concedida deberáse efectuar **no prazo de dez días naturais** contados a partir do seguinte hábil ó da notificación. En caso contrario enténdese que renuncian a ela.

### **ARTIGO 10-REFORMULACIÓN.**

**Non se admitirá a reformulación** dos proxectos para o caso de que o importe da subvención proposta sexa inferior á solicitada.

### **ARTIGO 11-COMPATIBILIDADES.**

As subvencións que se outorguen ó abeiro da presente convocatoria serán compatibles con outras para a mesma fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% da actividade. ***O 10% do gasto total do proxecto presentado deberá financiarse exclusivamente pola asociación ou entidade.*** No caso de existir sobrefinanciación o beneficiario deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

### **ARTIGO 12-CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Para a avaliación das solicitudes distinguirse segundo se trate de proxectos de cooperación ou para accións de sensibilización.

**1-A avaliación dos proxectos de cooperación ó desenvolvemento rexerese polos criterios relacionados a continuación:** Cada un dos aspectos seguintes será puntuado co rango de puntuación que se indica entre paréntese de xeito que sumando os produtos se obteña a puntuación total de cada proxecto.

#### **a)-Experiencia da ONG solicitante e da contraparte: ( de 0 a 10)**

-Número de proxectos realizados/ experiencia no ámbito da cooperación ó desenvolvemento.

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

- Experiencia na zona/ país.
- Experiencia no sector da actuación
- Aportación financeira da ONG ó proxecto.
- Experiencia no ámbito da sensibilización no Concello de Lugo. Implantación social en Lugo.

### **b)-Grao de adecuación do proxecto ás prioridades sinaladas no artigo 2.1 apartado a), b) e c) das presentes Bases: ( de 0 a 10)**

- Que se trate de proxectos a desenvolver en Africa e en segundo termo en países máis necesitados tendo en conta o seu IDH (índice de desenvolvemento humano)
- Que se trate de proxectos dirixidos á mellora da rede de subministros de auga, contrucción de pozos, saneamento.
- Que se trate de proxectos dirixidos á mellora-la educación da poboación da zona de intervención.

### **c)-Garantías de viabilidade e coherencia interna do proxecto: (de 0 a 15)**

- Que ofrezan garantías de viabilidade técnica e social, especialmente a través da capacidade da contraparte local no país beneficiario para cumprir-los obxectivos previstos.
- Previsións de financiación complementaria, así como previsións de continuidade de tralo cese da axuda externa.
- Claridade de obxectivos e da metodoloxía proposta para acadalos.
- Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto, riguroso desglose presupostario.
- Que o proxecto prevea indicadores que sirvan para face-lo seguemento e avaliación do proxecto.

### **d)-Participación da poboación destinataria e discriminación positiva (0 a 15)**

- Que se leven a cabo coa participación directa dos beneficiarios na súa elaboración, desenvolvemento e execución. Neste sentido, teranse en conta aqueles proxectos que contribúan ó autodesenvolvemento, a curto e medio prazo e prevexan a súa continuidade con medios materiais e humanos propios. Valorarase a aportación local de calquera tipo ó proxecto.
- Que contemplan medidas de discriminación positiva cara a sectores de poboación máis desfavorecidos, en particular, infancia, muller, comunidades indíxenas, refuxiados, desprazados e retornados e que contemple a igualdade de oportunidades muller-home ( intervencións orientadas á capacitación, asistencia xurídica e dereitos da muller así como a participación da muller nos procesos de toma de decisións)

### **e)-Contribución ó desenvolvemento integral:(de 0 a 10)**

- Que formen parte dun programa de desenvolvemento máis amplo que atenda ó maior número posible de factores da situación (educación, alimentación, saúde,



## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

vivenda, infraestructuras, desenvolvemento económico...), e que atenda ós aspectos preventivos e promocionais

-Que estean axeitados á idiosincrasia cultural, fomenten as formas de organización social e contemplen a formación dos destinatarios.

-Que respecten ou promovan a mellora e defensa do medio ambiente ( accións dirixidas á conservación da biodiversidade, que promovan o ecoturismo e as enerxías alternativas)

-Que impulsen o respecto ós dereitos humanos e o fortalecemento da democracia e a sociedade civil.

### **2-A avaliación dos proxectos de sensibilización rexerese polos criterios relacionados a continuación:**

Cada un dos aspectos seguintes será puntuado co rango de puntuación que se indica entre paréntese de xeito que sumando os produtos se obteña a puntuación total de cada proxecto.

#### **a)-Experiencia da ONG solicitante (0 a 10)**

-Número de proxectos realizados/ experiencia no ámbito da sensibilización

-Aportación financeira da ONG ó proxecto.

-Experiencia no ámbito da sensibilización no Concello de Lugo. Implantación social en Lugo.

#### **b)-Sostenibilidade da intervención: (0 a 10)**

-Que contemple a capacidade de integrar nas distintas áreas e recursos institucionais ( educación, saúde, servizos sociais) medidas de carácter permanente relativas á educación para o desenvolvemento.

-Que estean dirixidos a colectivos con elevado efecto multiplicador ( asociacións cidadáns, colectivos profesionais, educadores...)

-Que contemplen unha ampla difusión dos contidos das actividades.

#### **c)-Grao de adecuación do proxecto ás prioridades do artigo 2.2 destas Bases (0 a 10)**

-Que fomente os valores de solidariedade, comercio xusto, consumo responsable, defensa dos dereitos humanos e os valores medioambientais.

-Que repercuta na maior cantidade de poboación mellorando os recursos da poboación.

-Que fomente a crítica das desigualdades mundiais e favorezan actitudes persoais e colectivas solidarias cos máis desfavorecidos.

-Que dean a coñecer a realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza e que defendan especialmente a situación da infancia, muller, xuventude, indíxenas, refuxiados e desprazados.

-Que fomente a formación e capacitación de voluntarios así como a participación activa dos cidadáns ou colectivos destinatarios.

#### **d)-Coherencia interna do proxecto: e control e verificación (0 a 10)**

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

- Claridade de obxectivos e da metodoloxía proposta para acadalos.
- Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto, riguroso desglose presupostario.
- Que o proxecto prevea indicadores que sirvan para face-lo seguemento e avaliación do proxecto.

O valor final , que vai de 0 a 10, indicará o grao de excelencia do proxecto. O importe máximo e mínimo da axuda que se propoña dependerá do resultado da puntuación obtida de xeito que unha vez establecido este máximo e mínimo a contía das axudas repartirase proporcionalmente entre os distintos proxectos.

A contía máxima das axudas concedidas non superará en ningún caso o **90%** do custo da actuación proxectada pola organización solicitante debendo consta-lo compromiso na solicitude de aporta-la diferenza a traveso do medio de financiamento que considere conveniente.

O órgano competente para resolver, logo de xustificación razoada, poderá proceder ó **rateo**, entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo establecido na convocatoria, segundo se establece no artigo 22 da Lei 38/2003.

As actividades obxecto de subvención poderán ser obxecto de **subcontratación** os termos establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

### **ARTIGO 13-GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Ós efectos da presente convocatoria distínguese entre os gastos subvencionables para os proxectos de cooperación e para os proxectos de sensibilización.

Se voluntariamente se presenta garantía **como xustificante previo ó pagamento do 80% da subvención concedida e aceptada, os gastos derivados desta terán a consideración de subvencionables tanto para os proxectos de cooperación como para os de sensibilización social.**

**-Son gastos subvencionables dos proxectos de cooperación: só os de investimento** -sen prexuízo do establecido no artigo 4º das presentes Bases- que a continuación se sinalan:

- Os estudos técnicos directamente relacionados co anteprojecto ou proxecto técnico-económico da acción. O importe máximo aceptable por este concepto non poderá ser superior ó 5% do total do proxecto.

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Refª: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

-Os da man de obra necesaria para a execución das obras, infraestrutura ou investimento.

-Os de adquisición de bens e equipamentos inventariables tales como terreos, construcións, instalacións técnicas, maquinaria, utillaxe, mobiliario, equipos para procesos de información, elementos de transporte. Tamén se inclúe os gastos adicionais que se produzan ata a súa posta en funcionamento : gastos de explanación e derribo, transporte, dereitos arancelarios, seguros, montaxe e similares. **(Non terán a consideración de gastos de investimento os bens funxibles; cun valor individual inferior a 1.000 € e os non inventariables, é dicir, cunha duración inferior a 1 ano).**

**-Son gastos subvencionables dos proxectos de sensibilización: só os correntes-** sen prexuízo do establecido no artigo 4º das presentes Bases- que a continuación se sinalan:

-Os de persoal relativos ó funcionamento do proxecto, nos que se incluírán os beneficiarios que participen directamente.

-Os de arrendamento de bens mobles e inmobles.

-Os gastos de viaxe, desprazamentos e transporte

-Os de adquisición de material de oficina non inventariable.

-As subministracións de auga, gas, enerxía eléctrica, combustibles , carburantes e comunicacións.

-Vestuario e utensilios adecuados para o desenvolvemento da actividade.

-Productos alimenticios, de farmacia, sanitarios ( funxibles) e de limpeza e aseo.

-Os de publicidade, información, difusión, propaganda e reunións directamente relacionados co proxecto.

-Os de funcionamento da acción a nivel local, cando sexan xustificadas quedando excluídos os correspondentes á propia organización local que non sexan imputables á execución do proxecto subvencionado.

-Os gastos asociados á administración da organización solicitante, xestión, supervisión, difusión e sensibilización social da acción, que non excedan do 7% do total dos custos presupostados ( custos indirectos)

-En xeral gastos de escasa entidade e outros gastos diversos.

### **ARTIGO 14-PRAZO DE REALIZACIÓN.**

As subvencións **poderán outorgarse** tanto **a proxectos xa iniciados** como ós que estean **pendentes de realización.**

Para os proxectos xa iniciados os comprobantes de gasto que no seu momento se presenten deberán ser referidos ó ano da convocatoria.

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref<sup>o</sup>: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

Os proxectos de cooperación que non estén xa iniciados deberán iniciarse no prazo máximo de tres meses a partir da recepción do acordo de concesión da correspondente subvención.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de novembro** do exercizo económico de 2011.

Nos supostos de proxectos xa subvencionados polo Concello de Lugo en anteriores convocatorias o prazo de xustificación rexerase polo establecido nas referidas convocatorias.

### **ARTIGO 15-EXECUCIÓN . MODIFICACIÓNS.**

As ONGs beneficiarias deberán comunicar ó Concello de Lugo calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento do proxecto subvencionado así como sobre calquera modificación que pretendan introducir na realización do mesmo.

**Será necesaria a autorización previa e expresa do Concello de Lugo para calquera modificación substancial do proxecto,** entendido por tal aquela que afecte ó contido, obxectivos, localización, contía do proxecto ( só no caso que a redución do presuposto impida o cumprimento dos obxectivos), número e tipo de beneficiarios directos, prazos de execución que impidan a xustificación en prazo, cambio da contraparte ou socio local, e en xeral calquera circunstancia que afecte gravemente na xestión do proxecto.

Cando concurran estas circunstancias **a ONG afectada deberá presentar no Concello de Lugo solicitude de modificación motivada e acompañada de cantas probas estime oportunas para a súa aprobación polo órgano competente.**

### **ARTIGO 16-XUSTIFICACIÓN DO GASTO E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

**O pagamento da subvención farase en dous prazos.**

**1)-O primeiro pagamento do 80% da cantidade farase efectivo unha vez concedida, aceptada a subvención.** Estes pagamentos anticipados, debido á natureza e singularidade das actividades a executar, están excluídos da garantía e teñen o carácter de “a xustificar” polo que os beneficiarios manteñen a condición de debedores desta entidade mentres non acheguen a conta xustificativa do gasto total.

**2)-O pagamento do 20% restante unha vez xustificada a axuda concedida.**

As ONGs beneficiarias **deberán xustificar con facturas orixinais,** conforme o establecido no apartado seguinte, **o gasto correspondente ó importe da subvención concedida polo Concello de Lugo.** Deberá presentar asimesmo

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

as facturas correspondentes ó **10% do gasto do proxecto orzamentado e presentado no seu día** . Esta porcentaxe debe ser asumida, exclusivamente, pola entidade xa que non é subvencionable por Administración ou entidade pública ou privada algunha.

Ós efectos de proceder ó pagamento do 20% da subvención os beneficiarios deberán presentar nas dependencias dos servizos sociais municipais a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a)-Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade, con expresa mención dos resultados obtidos e avaliación dos obxectivos acadados e estado actual do proxecto.

b)-Facturas, e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D. 1496/2003, do 28 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, ou fotocopia dilixenciada. Deberá presentar asimesmo declaración xurada de que as facturas non foron nin serán presentadas como xustificación doutra subvención pública ou privada ( segundo modelo no ANEXO IV)

c)-Declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade ( segundo modelo no ANEXO IV)

d)-Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada ( segundo modelo do ANEXO IV)

Deberá presentar asimesmo un certificado acreditativo da relación de tódolos gastos e investimentos da actividade con identificación, se é o caso, do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e se é o caso, data de pagamento así como relación doutros ingresos e subvencións que financiara a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia.O Concello de Lugo poderá requerir do beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.

e)-No caso de existir desviacións económicas respecto o orzamento inicial presentado deberá achegar **un informe explicativo das ditas desviacións.**

-Os documentos presentados deberán ser validados e estampillados polo servizo municipal xestor do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto. Os documentos serán orixinais, e se se presentasen fotocopias deberán ser compulsadas polo servizo xestor, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do presuposto.

**Se o proxecto non se levase a cabo ou se modificase substancialmente** sen a autorización municipal ou non se xustificase na forma sinalada nas

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Refª: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

presentes bases **iniciarase expediente de anulación do compromiso así como o reintegro das cantidades percibidas.**

A estas cantidades haberá que **engadirilles os xuros de mora** que regulamentariamente procedan e que se liquidarán calculados dende a data de pagamento ata a de reintegro.

O incumprimento do estipulado nas presentes bases determinará a inhabilitación para a percepción de novas axudas durante o exercizo económico seguinte, sen prexuízo das accións legais pertinentes.

### **ARTIGO 17.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

Serán obrigas dos beneficiarios das axudas as sinaladas no artigo 11 da Ley 9/2007 do 13 de xuño de subvencions de Galicia, o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e no artigo 11 da Ordenanza Municipal de subvencións e ademais:

-A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc. das actividades de sensibilización que se realicen no concello de Lugo deberán figurar en idioma galego.

-Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.

-Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc. que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. A estes efectos se engadirá o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos,....

-Comunicarlle ó Concello a realización das actividades de sensibilización para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.

-Comunicar calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento do proxecto subvencionado

### **ANEXOS: I, II e III.**

**SERVIZOS SOCIAIS**

MJL/cnv

Ref<sup>o</sup>: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

**ANEXO I**

**CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA PROXECTOS DE COOPERACION O DESENVOLVEMENTO E SENSIBILIZACION SOCIAL PARA O EXERCIZO ECONOMICO 2010.**

D./D.<sup>a</sup> ----- co DNI -----, teléfono núm.-----, domiciliado/a na r/p -----, núm.----, piso:-----, CP:-----localidade: -----, en representación da organización no gubernamental ( ONG): -----, con domicilio social na r/p -----, núm. ----, piso ----, CP -----, teléfono núm. -----, na localidade de -----, que figura inscrita no Rexistro Rexistro de Organizacións non Gubernamentais de Cooperación e Desenvolvemento co núm. -----e-mail:-----

**SOLICITA**

A concesión de subvención por un importe de -----para a realización do proxecto de ( sinalar, cunha cruz, tan só un; pois son excluíntes):

Cooperación denominado

-----

Sensibilización denominado

-----

-Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada así como as condicións e obrigas establecidas nas bases que rexen a convocatoria da subvención do exercizo 2010.

-Comprométome a aportar a diferenza directamente ou por financiamento de terceiros, entre o custo total do proxecto e a axuda ou subvención recibida.

-Declaro baixo xuramento que a entidade que represento atopase ó corrente no cumprimento das súas obrigas fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo respectivamente.

-Autorizo expresamente ó Concello de Lugo a comprobar das diferentes Administracións Públicas ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

**SERVIZOS SOCIAIS**

MJL/cnv

Ref<sup>a</sup>: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010.  
(DNI, sinatura e selo da entidade)



## **SERVIZOS SOCIAIS**

MJL/cnv

Ref<sup>o</sup>: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

Xúntase á presente solicitude a documentación aquí sinalada, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS

### **DOCUMENTACIÓN XERAL:**

- Fotocopia do DNI da/do solicitante
- Copia do documento acreditativo da representación que ten a/o solicitante na entidade ou asociación
- Fotocopia do NIF /CIF da asociación ou institución que representa
- Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade
- Acreditación de inscrición no Rexistro de ONGs da Xunta de Galicia
- Declaracións xurada de non estar inhabilitado ou incurso en prohibición (ANEXO II)
- Proxecto conforme ANEXO III
- Certificación dos datos bancarios

**SERVIZOS SOCIAIS**

MJL/cnv

Refº: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

**ANEXO II**

**MODELO DE DECLARACIÓN XURADA ÓS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN**

D./D.<sup>a</sup>-----  
Provisto do NIF nº-----en cualidade de (presidente, secretario,...) da ONG-----  
con enderezo social en-----  
de Lugo e con CIF nº-----

**DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:**

**1- Esta entidade ( si ou non) solicitou e recibiu , subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.**

**SI \***

**NON**

**\*Ata o día de hoxe e referidos ó exercicio económico de 2010, esta entidade solicitou/ recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:**

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**2-Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da ley 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, nin 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obte-la condición de beneficiaria da subvención.**

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010  
(DNI, sinatura e selo da entidade)

**SERVIZOS SOCIAIS**

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

**ANEXO III**

**PROXECTO PARA A COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO ( SI/NON)**

**PROXECTO PARA SENSIBILIZACIÓN SOCIAL ( SI/NON)** (un ou outro, pois son excluíntes).

**DENOMINACIÓN DO PROXECTO**

-----  
-----

**A-DATOS DA ONG SOLICITANTE.**

- 1-Denominación da ONG solicitante.
- 2-CIF.
- 3-Enderezo da sede ou delegación en Lugo, código postal, teléfono, fax, e-mail,
- 4-Ano de constitución da ONG.
- 5-Nº de socios en España / Nº socios en Galicia/ Nº socios en Lugo.
- 6-Cotas recadadas no concello de Lugo.
- 7-Área de actuación.
- 8-Nome e apelidos do representante legal.
- 9-Nome e apelidos da persoa de contacto.

**B-DATOS DA ONG CONTRAPARTE** (só nos proxectos de cooperación)

- 1-Nome do responsable do proxecto:.....
- 2-Cargo:.....
- 3-Entidade:.....  
Enderezo:.....  
Teléfono:.....
- 4.-¿Mantivéronse colaboracións previas con ela?  
Si  
Non
- 5-Breve descripción:
- 6-Outros datos de interese:

**C-EXPERIENCIA NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN** (Identificación dos proxectos nos que participa ou participou especialmente nos últimos cinco anos con indicación das áreas de desenvolvemento e localización xeográfica)

## **SERVIZOS SOCIAIS**

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

**D-EXPERIENCIA NO ÁMBITO DA SENSIBILIZACIÓN NO CONCELLO DE LUGO** (Identificación dos proxectos nos que participa ou participou especialmente nos últimos tres anos en Lugo)

**E-DATOS DE IDENTIFICACIÓN E DESCRIPCIÓN DO PROXECTO DE COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO**

### **-IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO**

1-Título

2-Localización xeográfica

3-Poboación destinataria-Beneficiarios

4-Área/s de actuación ( saúde,servicios sociais,autoabastecemento, vivenda....)

5-Breve descrición xeral do proxecto.

6-Duración do proxecto ( data de inicio e de finalización e, se é o caso, fases de execución)

### **-ANTECEDENTES, CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN**

1-Antecedentes e xustificación da necesidade do proxecto ( descrición do entorno xurídico e factores sociais e de desenvolvemento)

2-Participación dos beneficiarios: criterios de selección e procedemento de participación ( só nos casos de proxectos de cooperación).

Participación da muller.

3-¿É parte dun programa máis global? En caso afirmativo,breve descrición xeral do programa.

### **-EXECUCIÓN**

1-Recursos técnicos e materias de que se dispón.

2-Recursos humanos: cualificación, número e forma de organización

3-Seguemento e avaliación ( accións de seguemento previstas, indicadores de resultados e instrumentos de avaliación)

4-Medidas de difusión ( soportes escritos e/ou audiovisuais que se aportan para a realización da actividade)

### **-OBXECTIVOS E RESULTADOS ESPERADOS**

1-Obxectivos a curto prazo

2-Obxectivo a longo prazo

3-Resultados esperados e distribución temporal se o houbera.

4-Impacto social e ambiental da acción.

5-Outros datos de interese ós efectos de facilita-la avaliación dos proxectos.

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

### **VIABILIDADE**

1-Viabilidade técnica ( ejecución, xestión e funcionamento, así como continuidade unha vez finalizada a axuda externa)

2-Viabilidade económica ( financiación dos gastos de xestión e funcionamento unha vez finalizada a axuda económica externa)

3-Viabilidade sociocultural ( medidas previstas para garanti-la aceptación e implantación a longo prazo dos resultados da acción)

4-Actitude das distintas autoridades locais ante o proxecto.

### **F-DATOS DE IDENTIFICACIÓN E DESCRIPCIÓN DO PROXECTO PARA A SENSIBILIZACIÓN SOCIAL**

1-Título

2-Colectivos destinatarios

3-Antecedentes e xustificación da necesidade do proxecto

4-Breve descrición xeral do proxecto.

5-Data de inicio e de finalización

6-Obxectivos e resultados esperados

7-Recursos técnicos e materias de que se dispón.

8-Recursos humanos de que se dispón.

9-Seguemento e avaliación ( accións de seguemento previstas, indicadores de resultados e instrumentos de avaliación)

10-Medidas de difusión ( soportes escritos e/ou audiovisuais que se aportan para a realización da actividade)

11-Outros datos de interese ós efectos de facilita-la avaliación dos proxectos.

### **G-PRESUPOSTO GLOBAL DESGLOSADOS SEGUNDO O MODELO:**

GASTOS CORRIENTES	DESCRIPCION DO GASTO	TOTAL EUROS
Gastos de Persoal		
Arrendamento		
Gastos de viaxes, desprazamentos...		
Subministracións		
Publicidade...		
Gastos de xestión		
Outros		
TOTAL		

**SERVIZOS SOCIAIS**

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

G. DE INVERSIÓN	Descripción do Gasto	TOTAL EUROS
Adquisición/ construcción de inmobles		
Estudios, proxectos.		
Obras		
Equipamento		
TOTAL		
TOTAL PROXECTO		

1-Identificación do importe solicitado.

2-Plan de financiación prevista. Identificación das aportacións da contraparte local, ONG solicitante e outras entidades públicas e privadas.

**Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010**  
**(DNI, sinatura e selo da entidade)**

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA ÓS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

D./D.<sup>a</sup>-----  
Provisto do NIF nº-----en cualidade de (presidente,  
secretario,...) da ONG  
-----con enderezo social  
en-----de Lugo e con CIF  
nº-----

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

1-Esta entidade (SI ou NON) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

SI \*

NON

\*Ata o día de hoxe, esta entidade solicitou/ recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

2-A actividade, proxecto, obxectivo, programa para o que se concedeu subvención se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada.

3-Esta entidade está ó corrente das súas obrigas fiscais fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ó Concello de Lugo respectivamente.

4-Que as facturas non foron nin serán presentadas como xustificación-na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo-doutra subvencion pública ou privada.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010  
(DNI, sinatura e selo da entidade)

## SERVIZOS SOCIAIS

MJL/cnv

Ref#: ANUNCIO BOP, TABOLEIRO, PX WEB. BASES ONG 2010.doc

Asunto: Anuncio BOP; TABOLEIRO e PX WEB bases ONG 2009.

**CUARTO:** Que se proceda á publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia (DOG) e da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP); no Taboleiro de Edictos e na paxina web do Concello de Lugo con indicación que esta pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Contencioso-administrativo ante ó Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin a vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a presente resolución poderá interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 39/1991 de 26 de novembro ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Sen prexuízo de que poida vostede interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estime conveniente ó seu dereito.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados. Cúmprase.

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que **os interesados poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, no prazo de UN MES** contado a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio destas Bases no Diario Oficial de Galicia (DOG). O texto íntegro delas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no Taboleiro de Anuncios e na paxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación no DOG será a data a ter en conta aos efectos de presentación de solicitudes.

Lugo, 21 de abril de 2010.

A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA  
ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

Asdo. Carmen Basadre Vázquez.